

ORDENANZA FISCAL N° 10

Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por Prestación de Servicios en Cemiterio Municipal

Artigo 1º. - Fundamento e natureza.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a "taxa de cemiterio municipal", que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previsto no artigo 57 do citado Real decreto legislativo 2/2004.

Artigo 2º. - Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación dos seguintes servicios que se prestan no cemiterio municipal:

- a) Concesión de nichos.
- b) Licencias para inhumaciones e exhumaciones.
- c) Autorizaciónes para transmisión das concesións.
- d) Conservación e vixiancia das sepulturas e espazos do cemiterio.

Artigo 3º. - Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos contribuíntes os solicitantes de calquera dos servicios ou autorizaciónes especificadas ou os seus herdeiros ou representantes legais e os beneficiados polos servicios ou actividades municipais.

Artigo 4º. - Responsables.

Responderán solidaria e subsidiariamente deste tributo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 41, 42 e 43 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5º. - Exencións subxectivas.

Están exentos os servicios que se presten con ocasión de:

- 1) Os enterramentos dos veciños incluídos na beneficencia municipal.
- 2) Os enterramentos de cadáveres de pobres de solemnidade.

Artigo 6º. - Cota tributaria.

1. A cota tributaria determinarase por aplicación da seguinte tarifa:

a) Concesión de nichos e cinceiros:

- Por cada nicho, 429,12 euros.
- Por cada cinceiro, 214,56 euros.

b) Licencias para inhumacións e exhumacións:

- Por cada unha que se realice en nicho, 18,39 euros.
- Por cada unha que se realice en sepultura subterránea, 18,39 euros.
- Por cada unha que se realice en panteóns, 36,78 euros.
- Por cada unha que se realice en mausoleos, 49,04 euros.

c) Autorizacións para transmisións das concesións:

- Por cada transmisión por "actos intervivos" pagarase o 25 % do importe da concesión establecida nesta tarifa.
- Por cada transmisión por "mortis causa" pagarase o 10 % do importe da concesión establecida nesta tarifa.

d) Conservación e vixiancia das sepulturas e espazos do cemiterio. Os titulares das distintas sepulturas pagarán as seguintes cotas anuais:

- Por cada nicho, 12 euros.
- Por cada sepultura subterránea, 12 euros.
- Por panteóns e mausoleos, 36 euros.

2. O dereito que se adquire mediante o pagamento da tarifa correspondente non é o da propiedade finca do terreo, senón o da conservación a perpetuidade dos restos en ditos espazos inhumados polo tempo que preste servizo o cemiterio, sempre e cando os titulares das distintas clases de sepulturas satisfagan os dereitos fixados e cumplan coas normas que para os efectos se establezan.

3. Cando as sepulturas dalgunha clase e en xeral tódolos lugares destinados a enterramentos fosen desatendidos polos seus respectivos titulares, familiares ou deudos, dando

lugar a que aparezan en estado de ruina ou abandono co conseguinte perigo ou mal estado, o Concello poderá proceder á demolición no primeiro caso, e á retirada de atributos e obxectos que se atopen deteriorados ou abandonados, no segundo, sen que en ningún caso poida esixírselle ningunha indemnización.

4. Poderá, ademais, declara-la caducidade revertindo a favor do Concello calquera clase de sepultura que se atope nos seguintes casos:

a) Estado ruinoso da construción.

b) Abandono da sepultura, considerándose como tal o transcurso de cinco anos dende a última inhumación verificada na mesma, sen que o seu titular, familiares ou deudos, aboasen os dereitos correspondentes a este epígrafe.

5. O expediente administrativo de caducidade nos supostos a) e b) do número anterior iniciárase pola Alcaldía e conterà a citación do titular, o domicilio do cal sexa coñecido, ou de non sélo, a súa publicación mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia no correspondente á do último domicilio coñecido, sinalando un prazo de trinta días para que o titular ou os seus familiares ou deudos comparezan e firmen o compromiso de satisfacer-las débedas devengadas ou de levar a cabo a reparación procedente.

A comparecencia suspenderá o expediente; transcorrido o prazo concedido para efectuar-las obras sen que o cumprimento de dito compromiso se efectuase, declararase a caducidade pola Comisión de Goberno.

6. Declarada a caducidade de calquera clase de sepultura, o Concello poderá dispoñer da mesma, unha vez trasladase os restos existentes nela ó correspondente osario.

Artigo 7º. - Devengo.

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a prestación dos servizos suxeitos a gravame, entendéndose, para os efectos, que dita iniciación se produce na solicitude daqueles; a excepción do servizo mencionado na letra d) do artigo 2º desta Ordenanza, o devengo da cal se produce o 1 de xaneiro de cada ano.

Artigo 8º. - Declaración, liquidación e ingreso.

1. Os suxeitos pasivos solicitarán a prestación dos servizos de que se trate.

2. A taxa esixírase unha vez que se solicite a prestación de calquera dos servizos enumerados no artigo 2º desta ordenanza, agás da conservación, o devengo da cal será anual e obxecto de exacción a través do correspondente padrón fiscal. O solicitante presentará a declaración-liquidación da taxa e xustificante de ter ingresado a cota tributaria ó mesmo

tempo que efectúe a correspondente solicitude.

Artigo 9º. - Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas corresponden en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria, e a súa normativa de desenvolvemento.